

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE MAÑÓN EN RELACIÓN COAS ACTUACIÓNS NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO PARA A EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DAS OBRAS "SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO BARQUEIRO. CONCELLO DE MAÑÓN (A CORUÑA)"

A Dirección de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria en intención de formalizar co Concello de Mañón o convenio arriba referenciado, por un período de vixencia de quince anos e que poderá ser obxecto de prórroga, salvo denuncia deste por parte de algunha das administracións afectadas, antes da súa finalización. O instrumento convencionado ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes e razóns de oportunidade

A entidade pública empresarial Portos de Galicia, conforme aos artigos 1, 2 e 4 da súa lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, ten entre os seus obxectivos básicos, o fomento das actividades comerciais e industriais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Pola configuración xeográfica dos nosos portos chegan a mesturarse os usos portuarios e os servizos prestados aos nosos usuarios profesionais cos servizos que se prestan á cidadanía en xeral e moitas das redes de servizos e as instalacións a eles dedicadas dan resposta a ambas necesidades. Son exemplos claros as redes de saneamento (tanto de pluviais como de fecais) ou abastecemento, así como os viarios e explanadas de usos compartidos e urbanizados cuns estándares adecuados aos usos cidadáns.

Por todo isto é básico dispoñer de información suficiente do discurrir das canalizacións que conforman estas redes así como da configuración dos seus elementos e instalación asociadas e dispoñer de ferramentas de mantemento e control que permitan una xestión eficiente das mesmas. Así mesmo requírese que a asignación de medios e funcións sobre os espazos se regulen dun modo claro e concreto que permitan a eficiencia no mantemento e a garantía de seguridade no seu desfrute.

Por este motivo:

1.- Portos de Galicia, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Mañón asinaron o 20/09/2011 o convenio de colaboración para a execución e mantemento do saneamento e depuración do núcleo do Barqueiro na zona de servizo do Porto do Barqueiro (A Coruña), co obxecto de autorizar a execución das obras que discurrían pola zona de servizo do porto.

As obras reflíctense no proxecto "Saneamento e depuración do Barqueiro. Concello de Mañón (A Coruña)", redactado en setembro de 2007 por Ingeniería del Noroeste, S.L. visado o 10/12/2007 (nº024356) e tamén na memoria valorada "Reforma de la red de saneamiento del puerto de O Barqueiro (Mañón –A Coruña)", redactada en xuño de 2011 por IDOM, para reflectir





as obras exixidas por Portos de Galicia para garantir a correcta depuración das instalación que se atopan no porto, cun orzamento de 21.873,86 € en base imposable.

2.- A empresa publica Augas de Galicia da Xunta de Galicia entregou ao Concello de Mañón a obra do saneamento e depuración do núcleo do Barqueiro, actuacións executadas segundo o proxecto indicado no punto anterior.

3.- Para a explotación e mantemento das obras de referencia cómpre actuar sobre terreos pertencentes ao Dominio Público Marítimo-Terrestre e patrimoniais que foron transferidos á comunidade autónoma e se atopan polo tanto dentro da zona de servizo do Porto do Barqueiro en Mañón, de competencia de Portos de Galicia de conformidade co estipulado na Lei 6/2017, do 12 decembro, de Portos de Galicia.

4.- As instalacións de depuración propiamente ditas atópanse nunha parcela lindeira ó porto de o Barqueiro, fora do DPMT e da zona de servizo do porto. Non obstante, sí se localiza no porto un pequeno emisario que discorre soterrado desde as instalacións da EDAR ata o cantil do peirao e grampado ó peirao nunha lonxitude aproximada de 26 m.

Ademais, para servizo das instalacións portuarias existe unha conducción, de aproximadamente 1.070 mL, que foi mellorada polo convenio de colaboración asinado en 2011, que inclúe un pozo de bombeo prefabricado, para levar o caudal que chega a arqueta previa ó pozo de rexistro, así como un tramo de impulsión de 63 mm de diámetro, desde o dito pozo de bombeo ata o pozo de rexistro da rede xa existente (PS6), onde rompe en carga a impulsión.

Previo o pozo de bombeo constrúese unha arqueta que alberga un cestón de grosos e ten un alivio que conecta co novo pozo de rexistro (PS2).

Nesta actuación tamén e incluíu a reposición das acometidas dos departamentos e restaurante existente dentro da zona de servizo do porto, os primeiros departamentos acometen ó pozo PS1 e os restantes departamentos e restaurante acometen o tramo de colector existente entre o rexistro PS1 e a arqueta de entrada o pozo de bombeo (mediante acometida clip).

Finalmente no convenio tamén se inclúen as conducións construídas en base o convenio asinado en 2011, que se localizan no viario de acceso ó porto, por estar este viario incluído dentro da zona de servizo do porto aínda que se atopa fora do Dominio Público Marítimo Terrestre. As condución que se localizan no porto teñen unha lonxitude aproximada de 1.096 mL.

Concretamente o dominio público portuario no que se localizan infraestruturas de saneamento reflíctese no plano anexo I a este convenio.

5.- No presente convenio non se inclúe polo tanto a execución de novas infraestruturas, se non unicamente a súa xestión.

As citadas infraestruturas de saneamento resultan beneficiosas non so para a vila, senón tamén para a explotación das instalacións portuarias, que tamén precisan deste servizo.

2. Obxectivos que se pretenden

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA
Servizos Centrais

Praza de Europa 5A – 6ª Planta
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)
T. 881 950 095 – F. 981 545 324
www.portosdegalicia.gal





É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública empresarial Portos de Galicia e o concello de Mañón, para determinar as condicións nas que a entidade pública empresarial Portos de Galicia autoriza a explotación e mantemento das obras denominadas "Saneamento e depuración do Barqueiro, na parte que se desenvolve no dominio público portuario do porto do Porto do Barqueiro, así como as descritas na memoria valorada "Reforma de la red de saneamiento del puerto de O Barqueiro".

O concello de Mañón comprométese á:

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello de Mañón obrígase a:

1 Asumir a explotación, conservación, mantemento e limpeza da obra realizada nos terreos de dominio público portuario, correspondéndolle o mantemento da rede de saneamento executada.

2 Asumir as responsabilidades que fronte a terceiros puidesen xurdir derivadas da posesión, disposición e utilización da infraestrutura de saneamento autorizada, quedando Portos de Galicia eximido de toda responsabilidade neste extremo.

3 Correr co pago de tódolos tributos que xere a explotación das instalacións de saneamento, incluída a repercusión que do IBI correspondente lle presentará Portos de Galicia, se non procedera a recoller estas instalacións no padrón do IBI como exentas deste imposto.

4. Cumprir coas seguintes condicións xerais de xestión da rede de saneamento dentro do Porto do Barqueiro en Mañón:

1. INVENTARIO: O Concello incorpora como Anexo II deste convenio a información detallada das canalizacións así como os elementos e instalacións ou puntos singulares que conforman cada rede de servizo municipal en chan portuario. En particular aporta:

a) Un listado a modo de inventario con indicación dos parámetros principais: (1) localizacións en coordenadas UTM incorporables a GIS do comezo e finalización dos tramos, conexións e elementos singulares (rexistros, puntos de vertido, cadros, etc.), (2) lonxitudes, (3) seccións, (4) materiais, e (5) outros parámetros que caractericen a rede como a súa capacidade (5a) e as acometidas existentes (5b).

b) Representación gráfica en plano .dwg editable dos elementos inventariados.

2. ORDENANZAS DE SERVIZOS E NORMAS RELACIONADAS: O Concello incorpora como Anexo III as ordenanzas reguladoras relacionadas cas prestacións dos servizos amparados nas infraestruturas obxecto deste convenio. Adicionalmente indicárase se o/s servizo/s se presta/n por xestión directa ou por terceiros en virtude de contrato administrativo.

No caso das instalacións de alumeado, remitírase copia do boletín e do contrato de subministro formalizado para garantir o pago dos consumos propios.

3. ACTUALIZACIÓN DA INFORMACIÓN: Tanto o Anexo II coma o Anexo III deberán ser actualizados cada vez que unha modificación o requira. Será o Concello o que teña a obriga de remitir dita actualización xunto coa solicitude de modificación que quedará incorporada ao presente convenio.





4. **MANTEMENTO E GARANTÍA DE SERVICIO:** O Concello asume o mantemento ordinario e extraordinario da totalidade da rede da súa titularidade e/ou xestión e atenderá as avarias que se poidan producir nela, obrigándose á reparalas nos prazos establecidos nas súas ordenanzas . Calquera actuación deberá ser comunicada previamente á xefatura de zona de Portos de Galicia para a súa autorización. Débese acordar pola comisión de seguimento do convenio, que dará traslado para a súa aprobación polos órganos competentes. As ditas actuación, en todo caso, implicarán a actualización do inventario do anexo II. De ser preciso unha intervención de urxencia a dita comunicación extemporánea deberá acreditarse de xeito suficiente.

5. **PERMISOS:** O Concello é responsable de tódolos permisos relacionados coa prestación do servizo amparados nas obras obxecto de convenio, en particular de tódalas tramitacións relacionadas con puntos de vertido, control de calidade das augas ou legalización sectorial das redes e instalación ante os órganos competentes. Así como as autorizacións sectoriais en materia de medio ambiente e patrimonio cultural, no seu caso.

6. **TRAMITACIÓN DE ENGANCHE Á REDE**

a. O Concello (ou no seu caso a empresa xestora do Servizo) no marco das súas competencias será o responsable da tramitación das autorizacións de enganche ás redes que reciban dos particulares, sen prexuízo da execución da actuación que se detalla no punto 7.

b. As solicitudes que poida recibir Portos de Galicia que non proveñan do mesmo Concello ou de persoa xurídica subrogada na súa posición non serán admitidas e serán devoltas ao usuario non portuario.

c. Se a necesidade de enganche ou acometida provira dun usuario portuario, Portos de Galicia poderá decidir de xeito alternativo remitila ao Concello para a súa tramitación ou autorizar o dito enganche, incorporándoo ao correspondente título administrativo de titularidade do solicitante, de por si coa soa comunicación ao Concello de dita actuación, sendo neste caso Portos de Galicia o responsable da actualización do inventario e dos planos.

7. **EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS:**

a. O Concello ou a persoa xurídica que actúe pola súa conta en virtude de contrato administrativo será o responsable da execución das obras autorizadas por Portos de Galicia. Para a execución das acometidas solicitadas por particulares debera achegar o formulario descritivo da actuación, que poderá aglutinar varias acometidas a realizar sobre a mesma rede.

b. As canalizacións executaranse de acordo ás directrices indicadas por Portos de Galicia e se reporán cos pavimentos anteriores no seu defecto ou segundo o indicado en cada autorización particular de obra, en función da tipoloxía do pavimento/s existente/s.

c. Se a execución da actuación se fai por empresa privada en virtude de contrato administrativo depositará esta aval polo importe da actuación. Admitirase a formalización dun único aval, con importe suficiente, que avale todas aquelas actuación executadas o amparo do presente convenio, que non será inferior o 5% do importe da suma das actuacións que se poidan executar de xeito concorrente. A estes efectos o importe das obras será o orzamento de contrata co IVE incluído.

d. En ningún caso poderá ser executada a acometida por un particular.

8. **CIRCUNSTANCIAS EXTRAORDINARIAS:** Se por circunstancias extraordinarias Portos de Galicia considerase necesarias actuacións sobre as redes de servizos ou os propios servizos, reclamará ao Concello a adopción de medidas urxentes. Se estas non foran tomadas en prazo





razoable, en todo caso superior a 10 días, poderá Portos de Galicia executalas por si mesmo e reclamar ao Concello os gastos incorridos.

9. **LEGALIZACIÓN DA REDE E AUTORIZACIÓNS:** Portos de Galicia en virtude de este convenio e a partir da súa firma legaliza as redes e instalacións obxecto do mesmo no concernente á ocupación de dominio público portuario. A vixencia e respecto das cláusulas deste convenio habilitan ao Concello para a xestión ordinaria das instalacións en chan portuario sen prexuízo da necesidade de comunicación das tarefas ordinarias e a autorización portuaria para as que impliquen obras ou modificacións así coma as que poidan supoñer interferencias para a operativa portuaria. Portos de Galicia comprométese a dar preferencia ás necesidades de servizo das redes e dar resposta no prazo inferior a 2 meses das solicitudes presentadas polo Concello, a contar dende que se produza o acordo da comisión de seguimento do convenio.

Condicións particulares:

REDE DE SANEAMENTO:

S1. **PARÁMETROS DE ENTRADA:** O Concello garantirá que os caudais incorporados á rede de saneamento cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e vertidos.

S2. **PARÁMETROS DE VERQUIDO E PUNTO DE VERQUIDO:** O Concello garantirá que os caudais verquido ás augas cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e verquidos. Os puntos de verquido estarán localizados e debidamente legalizados ante o organismo de conca competente.

S3. **ATENCIÓN A VERQUIDOS:** O Concello responderá cos seus medios e á maior brevidade ante calquera verquido que se produza con orixe a súa rede.

INSTALACIÓNS E EDIFICACIÓNS AUXILIARES

E1. **SEGURIDADE INDUSTRIAL:** O Concello garantirá a seguridade das instalacións que sexan obxecto deste convenio.

E2. **INSPECCIÓNS PERIÓDICAS:** O Concello garantirá o mantemento correcto e a legalización industrial periódica dos elementos singulares das instalacións ao servizo deste convenio.

E3. **ASPECTO EXTERNO E INTEGRACIÓN CO ENTORNO:** O Concello garantirá a integración paisaxística das instalacións e Portos de Galicia poderá establecer criterios estéticos sobre as fachadas, cubertas e demais elementos visibles das instalacións e edificacións que dean servizo ao presente convenio. O Concello será responsable de levalas a cabo.

A EPE Portos de Galicia comprométese á:

1.- Autorizar a explotación e mantemento das obras de referencia, que afectan e se localizan no porto.

2.- Autorizar a intervención do concello de Mañón na zona do Porto do Barqueiro en Mañón para o cumprimento das obrigas derivadas deste convenio.

Nin as anteriores autorizacións, nin os pactos e as obrigas estipuladas neste convenio supoñen alteración da titularidade o cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios afectados nin da súa xestión e explotación, vinculados aos fins portuarios, manténdose a prevalencia da competencia portuaria.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de





xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de O Barqueiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O presente convenio non supón achega económica por parte de Portos de Galicia, polo que a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, esto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

A Dirección

Juan Sanmartín Ferreiro

